

Motacilla flava (Linnaeus, 1758)

	lavandeira marelha
	lavandera boyera
	larre-buztanikara
	cuereta groga
	yellow wagtail
	alvéola-amarela



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 18 g

Longitude 17 cm

Envergadura 25 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Motacillidae	<i>Motacilla</i>

ALIMENTACIÓN

Insectívora estrita (sobre todo larvas e adultos de mosquitos, moscas e chinches).

COMPORTAMENTO

A femia é a encargada de construír o niño, oculto entre a vexetación nun foso no chan con herbas secas e raíces, e acolchado con plumas e pelo. Os machos adoitan chegar ás zonas de cría antes que as femias, para repartirse o territorio.

REPRODUCCIÓN

Celo de marzo a agosto. Realiza unha ou dúas postas, nas que pon 4-6 ovos de cor branca sucia e con pintas escuras, que son incubados por ambos sexos durante 12 días. Os polos abandonan o niño aos 10-14 días.

HÁBITAT

Prados e pastos encharcados, marismas, estuarios, regadíos, regatos e arrozais.

DISTRIBUCIÓN

Como reprodutora, latitudes temperadas e frías de Eurasia e tamén Alaska. Pasa o inverno en África subsahariana e sur de Asia.

CURIOSIDADES

Moitas subespecies que se diferencian entre si polo deseño das plumas da cabeza do macho adulto.

A subespecie reprodutora da Península Ibérica é *Motacilla flava* subsp. *iberiae*.